

ANA, MON AMOUR

[Calin Peter Netzer, 2017]

278

ESTREA EN NUMAX: 25.08.2017 | V.O.S.E. | +16

Ana, mon amour (2017, 127')

Dirección: Calin Peter Netzer

Guión: Călin Peter Netzer, Cezar Paul Bădescu, Iulia Lumânare

Elenco: Mircea Postelnicu, Diana Cavallioti, Carmen Tanase, Vasile Muraru, Adrian Titieni, Tania Popa, Igor Caras-Romanov, Ionut Caras, Ioana Flora, Vlad Ivanov

Son: André Rigaut

Montaxe: Dana Bunescu

Fotografía: Andrei Butică

Dirección de arte: Mihalea Poenaru

Vestuario: Augustina Stanciu

Produtoras: Parada Film (Romanía), Augenschein Filmproduktion (Alemaña), Sophie Dulac Productions (Francia)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Romanés, ruso

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlín 2017 (Mellor montaxe),
Cartaxena 2017 (Mellor filme),
Xerusalén (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA

Madre e hijo, 2013
Medalla de honor, 2009
Maria, 2003

SINOPSE

Toma e Ana coñécense na universidade, namóranse e casan. Toma coida dela e parece estar ao mando da situación, cando, en realidade, unicamente está gravitando arredor dunha muller á que non pode comprender. Cando Ana vence os seus medos e logra triunfar, Toma fica illado, tentando comprender a súa vida con ela, enmarcado na profunda represión e os tabús da sociedade de Romanía.

«Un filme arredor da
mentira nas nosas vidas.
Ana, mon amour é dunha
revitalizante complexidade»

Frédéric Mercier, TRANSFUGE



«Quixen rodar unha historia de amor arredor da dependencia»

Entrevista con Calin Peter Netzer

Por Lucas Nunes de Carvalho

Cando soubo que quería ser cineasta? Como chegou o cinema á súa vida?

Ir estudar cinema foi toda unha aventura. Non tiña nin idea do que me agardaba. Non son deses realizadores que empezan a xogar cunha cámara aos dez anos. Non me sentía integrado en Alemaña, precisaba irme, ver máis cousas. Gustábame o cinema porque era outro mundo, mais nunca pensei en facer cinema. Pero non se me debeu dar mal, sabía contar historias. Ao volver a Romanía, seguía a ser un emigrante. En Alemaña era romanés e en Romanía, alemán. Pero todo foi ben, fixen filmes, déronme premios. Estudei con Christian Mungiu, entre outros.

Considera que hai un cinema europeo ou unicamente cinemas nacionais.

Creo que se inflúen mutuamente. Hai un cinema europeo. É como o cinema estadounidense, hai un cinema hollywoodense para o gran público e outro independente, igual que en Europa. En Francia ródanse filmes comerciais. E case todos gañan diñeiro no país que as produce, é parte do sistema económico.

Nunha entrevista realizada para *Madre e hijo* (2013) dixo que, como realizador, lle gustaba controlar

todos os aspectos do filme e integrar o equipo no proceso creativo. Como traballou en *Ana, mon amour*? Do mesmo xeito. O filme inspírase nunha novela, *Luminita, mon amour*, de Cesar Paul Badescu, que lin en 2010 cando estaba a traballar en *Madre e hijo*. Quería rodar unha historia de amor arredor da dependencia. O filme fala de por que unha parella segue xunta, aínda que vista desde o exterior todo indica que se debe separar. Busquei unha explicación que vai alén dos personaxes. Para min é psicanalítico, cales son as causas? Isto era o que eu consideraba importante do filme.

Falou do proxecto co director de fotografía, o montador ou alguén máis? Si, na medida en que os impliquei no proceso creativo, como en *Madre e hijo*. Era un tema emocionalmente moi persoal, mais quixen ser o máis obxectivo posíbel. Pasa o mesmo con *Ana, mon amour*. Non é a adaptación da novela, digamos que está inspirada na novela. Falando con Cezar Badescu decateime de que a parella, sacada da realidade, funcionaba como unha terapia para el. A medida que escribiamos o guión sentín que nel todo era subxectividade. En certo modo, convertérame no seu psicólogo. Daquela entendín que non podía contarse a historia desde a súa perspectiva; había cousas verdadeiras, pero outras tíñanse modificado, matizado, durante a narración.

Andrei Butica, o director de fotografía, tamén rodou *Madre e hijo*. Deulle as mesmas indicacións neste filme? O traballo da imaxe é moi específico, quixo gardar ese aspecto un pouco

documental? Si, *Ana, mon amour* tamén se rodou cámara en man, pero a fotografía é menos brutal que en *Madre e hijo*. Hai moitos primeiros planos pola necesidade de buscar realismo, para estar máis preto dos dous personaxes. Neste filme compártese a intimidade da parella. É diferente do anterior, pero ten algo de documental. Rodamos con dúas cámaras por dúas razóns. A primeira é que unha película custa moito. Cada día de rodaxe en Romanía sae entre 20.000 e 30.000 euros. Se se roda ao estilo clásico europeo, múdanse as luces entre as tomas. Pero prefiro traballar cos actores, ter máis liberdade, aínda que se perda algo esteticamente falando. Se fixera filmes da época de Fellini, podería rodar a metade dun ano sen problemas. Faría outra cousa. Mais aquí temos a presión económica. E en segundo lugar, rodamos en dixital porque se ten máis liberdade cos actores.

O pasado xaneiro houbo importantes manifestacións contra a corrupción en Romanía. O seu primeiro filme *Madre e hijo* falaba do tema, como o fai a longametraxe *Los exámenes* de Christian Mungiu. Cre que o seu cinema, ou o cinema en xeral, ten un papel político? Creo que é un pretexto. En *Madre e hijo* retrátase a clase alta contra a clase popular. Paréceme que o filme toca un tema moi universal. Pero se o que ocorre en Romanía sucedese en Francia, Estados Unidos ou Alemaña, aínda que fose en menor grao, sería un auténtico escándalo.

Publicado en www.golem.es/distribucion/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Madre e hijo, Calin Peter Netzer.

Cameo [DVD]

El tesoro, Corneliu Porumboiu.

Avalon [DVD]

12:08 Al este de Bucarest,

Corneliu Porumboiu. Divisa [DVD]

Aurora, Cristi Puiu.

New Wave Films [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

A BÓ NA TE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX